

TRADUCCIÓN PARA O GALEGO, 1998

Gonzalo Constenla Bergueiro
Universidade de Vigo

No ano de 1988 produciuse un leve medre das traduccóns para o galego no seu conxunto, o cal supón unha recuperación da caída que se viña observando de hai tres anos para aquí. Sen embargo, e novamente, este aumento prodúcese sen que enxergue un criterio unificador, ou cando menos coherente, no tocante á planificación deste subsistema literario. Por lingua dos orixinais, o francés ocupa este ano o primeiro lugar en aportar títulos, seguido do español e do inglés. Moi de lonxe aparecen linguas como o alemán, o italiano ou o catalán, e unha mínima presencia do latín, o ruso, o eusquera ou o neerlandés. As editoriais que volven sobrancear polo seu número de propostas son Xerais e Galaxia, cunha presencia maioritaria na narrativa e a primeira tamén en teatro; Espiral Maior, en poesía; Laiuento, en ensaio; e unha representación plural na literatura infantil e xuvenil. E, loxicamente, a Xunta de Galicia leva a iniciativa na traducción non literaria.

A literatura infantil e xuvenil volve ser o xénero que máis títulos produce, áinda que en moitos casos esteamos perante pequenos libros que escasamente superan as vinte páxinas. Con todo, a súa tendencia á alza vaise consolidando e mesmo supera a produción do pasado ano, non deixando de aparecer obras e autores considerados clásicos da literatura universal (*O fantasma da Ópera*, de Gaston Leroux; *A guerra dos mundos*, de W.G. Wells; *A casinha de chocolate* e os *Contos* dos irmáns Grimm; *A carapuchiña vermella*, de Charles Perrault, etc) ou de nomes consagrados no panorama da literatura infantil no Estado, tal é o caso de Bernardo Atxaga (*Un espía chamado Sara*), Seve Calleja (*Anxo da garda, non me torzas a cara*), Mercé Company (*Os dentes do león*), Juan Farias (*A pousada do séptimo día*) ou Andreu Martin (*Ideas de bombeiro*) e Jaume Ribera (*Flanagan 007*, a cuarta entrega da serie). A novidade deste apartado constitúe a publicación en braille de varios textos que xa apareceran publicadas en galego con anterioridade (*Ai, que medo*, de Ricardo Alcántara; *Ra por un día*, de María Teresa Aretaga ou *A bruxa que non sabía rir*, de

Hermínia Mas i Marssenyac, todos eles feliz iniciativa da Organización Nacional de Cegos (ONCE).

Pola contra, a narrativa para adultos perde a metade da oferta, se a comparamos coa do pasado ano, e os riscos unificadores no tocante ós seus títulos. O único punto de encontro en todos eles é o da maioritaria presencia das polémicas –pola súa conveniencia– traduccóns do portugués, chegando mesmo a atopármelos coa publicación de dous títulos diferentes (*O alquimista* e *Peregrino a Compostela. Diario dun mago*) dun mesmo autor (Paulo Coelho). Os clásicos universais seguen presentes na oferta deste ano con autores sobranceiros como Hemingway (*O vello e o mar*) ou Dostoievski (*A lenda do grande inquisidor*); a literatura de autores alternativos ten tamén o seu oco con títulos como *O meu criado e más eu. Citomegalovirus* (do francés Hervé Guibert) ou *Entre o costume e a ruptura* (de Rachna Mara) e, por último, os relatos breves están presentes cunha colección de *Contos e lendas dos países celtas*.

A traducción de poesía ve incrementada a súa produción lixeiramente, consonte o florecemento que está experimentando o xénero no noso país, cunha oferta ben equilibrada entre clásicos e contemporáneos. Dos primeiros, salientamos a traducción de *O reicioño de Galicia*, unha obra de Victor Hugo que forma parte de *La légende des siècles*, e que se sitúa no período histórico do século XI, cando Galicia constituíu un reino independente. Outros poetas clásicos traducidos este ano ó galego son T. S. Eliot (*A terra baldía*), Giacomo Leopardi (*Cantos*) e Hölderlin (cunha selección de poemas traducidos no número 3 de *Union Libre. Cadernos de vida e cultura*). Canto ós clásicos contemporáneos destaca o nome de Seamus Heaney (“Catro poemas” en *Madrigal*), acompañado dos do catalán Carles Bellsolà (*Ferros e ameixas*) e o alemán Rolf Dieter Brinkman (*A máquina de facer zume de laranxa*). A relación complétaa unha antoloxía de poesía latina nos Estados Unidos, *Labirintos de identidade*.

Os textos dramáticos traducidos ó galego experimentaron o pasado ano un esperanzador aumento no seu número, con maioría de propostas de arrecedendo clásico. Sen lugar a dúbidas, o protagonista principal é desta volta o inglés William Shakespeare que achega tres novos títulos á nosa lingua: *Ricardo III*, *Xulio César* e *O Rei Lear*. Tamén teñen o seu lugar a literatura clásica helena, cunha adaptación do *Antígona* de Sofocles; a italiana, con *A mandrágora* de Macchiavelli; a francesa, con *O paradoxo sobre o actor*, do enciclopedista Diderot e o *Macbett* de Ionesco; a alemana, coa parábola sobre o fascismo, *O parable ascenso de Arturo Uí*, de Bertold Brecht; ou a inglesa con *A cura en Troia*, do irlandés Seamus Heaney.

O ensaio tamén segue en tendencia de medre, cun variado abano de títulos e temas: desde a reflexión histórica (*Os celtas. Os deuses esquecidos*, de Marcel Brasseur), ata a sociolingüística (*A (Socio)lingüística*, de Louis-Jean Calvet), pasando pola política (*Manifesto comunista*, de Marx e Engels), o nacionalismo (*De Castelao a Mao*, de Fermí Rubiralta Casas), a Guerra do 36 (*O que fixeron en Galicia*, posiblemente de Luís Seoane) ou as mulleres e a literatura (*Eu canto a quen comigo camiña*, da nerlandesa Ria Lemaire).

Por último, a traducción non literaria, que nunha situación de normalidade lingüística, política e cultural, debería achegar unha cantidade de títulos moito maior ca tódalas outras xuntas, non só non consegue este obxectivo, senón que descende en número de títulos con respecto ó ano anterior; todo o cal nos leva á conclusión de que estamos retrocedendo –nos usos non litúrxicos da lingua en xeral– e tamén na traducción. Por outra banda, os temas que aparecen nestes títulos volven ser plurais, coma en anos anteriores e, a un tempo, caóticos na súa oferta global: artes plásticas, xinecoloxía, historia, xeografía, relixión, pedagogía ou dereito.

A continuación presentamos unha bibliografía dos títulos publicados o pasado ano, tendo en conta que non se inclúen as reedicións e reimpresións.

1. Narrativa

- COELHO, P., *O alquimista*, Trad. de Ana Belén Costas Vila e Eva Lozano Carpente [portugués], Vigo, Galaxia, 1998.
— *O peregrino a Compostela. Diario dun mago*, Trad. de Ana Belén Costas Vilas e Eva Lozano Carpente [portugués], Vigo, Galaxia, 1998
DOSTOIEVSKI, *A lenda do grande inquisidor*, Trad. de Alexandra Koss [ruso], Vigo, Xerais, 1998.
DUARTE MANGAS, F., *Xeografía do medo*, Trad. de Marisa Guerra [portugués], Vigo, Galaxia, 1998.
GUIBERT, H., *O meu criado e más eu. Citomegalovirus*, Trad. de Xavier Queipo e Santiago G. Lopo [francés], Vigo, Xerais, 1998.
HEMINGWAY, E., *O vello e o mar*, Trad. de Carlos Casares [inglés], Vigo, Galaxia, 1998.
Libellus de natura animalium. Libriño sobre a natureza dos animais. (Un bestiario medieval), Trad. de Raúl Gómez Pato [latín], Santiago de Compostela, Positivas, 1998.
MARA, R., *Entre o costume e a ruptura*, Trad. de María Reimóndez Meilán [inglés], Vigo, Xerais, 1998.
MARKALE, J. (ed. lit.), *Contos e lendas dos países celtas*, Noia, Toxosoutos, 1998.
PERUCHO, J., *Monstruario fantástico*, Trad. de Xavier Rodríguez Baixeras [catalán], Vigo, Galaxia, 1998.
Roman de Ponthus (capítulo XI), Trad. de Anxo Fernández Ocampo [francés], A Trabe de Ouro, nº 35 (1998), 83-101.

2. Poesía

- “Catro poemas traducidos para o galego de Seamus Heaney”, Trad. de Vicente Araguas [inglés], *Madrigal* 1 (1998), 145-146.
BELLSSOLÀ, C., *Ferros e ameixas*, Trad. de Xosé Antón L. Dobao [catalán], Vigo, Xerais, 1998.

- BRINKMANN, R. D., *A máquina de facer zume de laranxa*, Trad. de Franck Meyer [alemán], Santiago de Compostela, Positivas, 1998.
- ELIOT, T. S., *A terra baldía*, Trad. de Mª Fe González Fernández e Armando Requeixo [inglés], Santiago de Compostela, Follas Novas, 1998.
- GARCÍA DEVESA, C. (ed.), *Labirintos de identidade. (Mostra de poesía latina nos Estados Unidos)*, A Coruña, Espiral Maior, 1998
- HÖLDERLIN, F., Selección de poemas, Trad. de José Ángel Valente [alemán], *Unión Libre. Cadernos de vida e cultura*, 3 (1998).
- HUGO, V., *O reicíño de Galicia*, Trad. de Henrique Harguindegay Banet [francés], Santiago de Compostela, Laioveneto, 1998.
- LEOPARDI, G., *Cantos*, Trad. de Suso Pensado [italiano], A Coruña, Espiral Maior, 1998.

3. Dramática

- BRECHT, B., *O parable ascenso de Arturo Ui*, Trad. de Sonsoles Cerviño López [alemán], Santiago de Compostela, Laioveneto, 1998.
- DIDEROT, D., *O paradoxo sobre o Actor*. Ed. e trad. de X. C. Carrete Díaz e F. Sucarrat Boutet [francés], A Coruña, Departamento de Galego da Universidade da Coruña/Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor", 1998.
- HEANEY, S., *A cura en Troia*, Trad. de Stéphanie Jennings e Manuel Outeiriño [inglés], Vigo, Xerais, 1998.
- IONESCO, E., *Macbett*, Trad. de Henrique Harguindegay [francés], Vigo, Xerais, 1998.
- MACCHIAVELLI, N., *A mandrágora*, Trad. de Francisco Pillado Mayor e Luísa Villalta [italiano], Santiago de Compostela, Laioveneto, 1998.
- SHAKESPEARE, W., *O Rei Lear*, Trad. de Eduardo Alonso e Cándido Pazó [inglés], Vigo, Xerais, 1998.
- *Ricardo III*, Trad. de Xohán Ledo [inglés], Trasalba, Fundación Otero Pedrayo, 1998.
- *Xulio César*, Trad. de Xohán Ledo [inglés], Sada, Castro, 1998.
- SÓFOCLES, *Mémoria de Antígona*. Adapt. De Francisco Cadaval Ayaso e Xavier Lama López [grego clásico], Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998.

4. Ensaio

- BRASSEUR, M., *Os celtas. Os deuses esquecidos*, Trad. de Juan Carlos Rodríguez Pérez [francés], Noia, Toxosoutos, 1998.
- CALVET, L.-J., *(Socio)lingüística*, Trad. de Alberte Allegue Leira [francés], Santiago de Compostela, Laioveneto, 1998.
- LEMAIRE, R., *Eu canto a quen comigo camiña*, Trad. de Marta Pino Moreno [neerlandés], Santiago de Compostela, Laioveneto, 1998.

- MARX, K. e ENGELS, F., *Manifesto comunista*. Santiago de Compostela, Abrente, 1998.
- *O manifesto comunista*, Trad. de Franck Meyer [alemán], Vigo, Xerais, 1998.
- PEREIRA MARTÍNEZ, C. (edit.), *O que fixeron en Galicia*, Trad. de Xosé Antonio Leis Ferreira [español], Vigo, A Nosa Terra, 1998.
- RUBIRALTA CASAS, F., *De Castelao a Mao*, Trad. de Roxélio García Romero e Pilar Ponte Patiño [español], Santiago de Compostela, Laioveneto, 1998.

5. Infantil e xuvenil

- ALCÁNTARA, R., *Ai, que medo*, Trad. de Baldomero Iglesias Dobarrio [español], Edición en braille. Madrid, ONCE, 1998.
- AMO, M., *Mao Tiang. Pelos tesos*, Trad. de Fátima García [español], A Coruña, Bruño, 1998.
- ARETZAGA, M. T., *Ra por un día*, Trad. de Pilar Ponte Patiño [español], Edición en braille. Madrid, ONCE, 1998.
- ATXAGA, B., *Un espía chamado Sara*, Trad. de Valentín Arias López [español], Madrid, SM, 1998
- AVI, *As confesións de Carlota Doyle*, Trad. de Miguel Pérez Romero [inglés], Vigo, Galaxia, 1998.
- BALLAZ, J., *O último voo*, Trad. de Dolores Figueroa Calvo, Isabel Pardo Regueiro e María Jesús Pardo Regueiro [español], A Coruña, Everest, 1998.
- BORDÓNS, P., *Demos en camiseta*, Trad. de Pilar Saborido Otero [español], Barcelona, Edebé-Rodeira, 1998.
- CALLEJA, S., *Anxo da garda, non me torzas a cara*, Trad. de Rosa Moreiras Cuñarro [español], A Coruña, Everest, 1998.
- CASTILLO, F., *A máxica historia do ratiño Pérez*, Trad. de Alfonso García Sanmartín [español], Barcelona, Edebé-Rodeira, 1998
- CHOLLAT, É e DOUZOU, O., *O desfile*. Adapt. de Marisa Núñez e Xosé M. González [francés], Pontevedra, Kalandraka, 1998.
- COMPANY, M., *Os dentes do león*, Trad. de Xavier Senín [español], A Coruña, Bruño, 1998.
- FARIAS, J., *A pousada do séptimo día*, Trad. de Xavier Senín Fernández [español], A Coruña, Everest, 1998.
- GOSCINY, R., *A volta á Galia*, Trad. de Antonio Pichel [francés], Vigo, Galaxia, 1998.
- *Na terra dos belgas*, Trad. de Antonio Pichel [francés], Vigo, Galaxia, 1998.
- *O fouciño de ouro*, Trad. de Antonio Pichel [francés], Vigo, Galaxia, 1998.
- *O regalo do César*, Trad. de Antonio Pichel [francés], Vigo, Galaxia, 1998.
- GRIMM, J. e. W., *A casiña de chocolate*. Adapt. de Xoán Couto [alemán], Pontevedra, Kalandraka, 1998.

- *Contos de Grimm*, Trad. de Xavier Rodríguez Baixeras [alemán], Vigo, Xerais, 1998.
- HOLZWARTH, W. e ERLBRUCH, W., *A toupiña que quería saber quén lle fixera aquilo na cabeza*, Trad. de Franck Meyer [alemán], Pontevedra, Kalandraka, 1998.
- KROPP, P., *Moonkind and Liberty*, Trad. de Uxía García Cameselle [inglés], Vigo, Galaxia, 1998.
- LEROUX, G., *O fantasma da ópera*, Trad. de Ana Luna Alonso e Xoán Manuel Garrido Vilariño [francés], Vigo, Xerais, 1998.
- LÉVÊQUE, A.-C., *¡Que marcha!* Adapt. de Marisa Núñez e Xosé M. González [francés], Pontevedra, Kalandraka, 1998.
- *¡Mira que paso!*, Adapt. de Marisa Núñez e Xosé M. González [francés], Pontevedra, Kalandraka, 1998.
- MARTIN, A., *Ideas de bombeiro*, Trad. de Pilar Saborido. Barcelona, Edebé-Rodeira, 1998.
- MARTIN, A. e RIBERA, J., *Flanagan 007*, Trad. de Mª Dolores Martínez Torres [español]. Vigo, Xerais, 1998.
- MARTIN, M. T., *Eu vivín cunha bruxa*, Trad. de María Jesús Rodríguez Riveiro [español], Edición en braille. Madrid, ONCE, 1998.
- MAS I MARSSENYAC, H., *A bruxa que non sabía rir*, Trad. de Equipo Rodeira [catalán], Madrid, ONCE, 1998.
- MCKEE, D., *Os amigos de Elmer*, Trad. de Montserrat Paz [inglés], Vigo, Xerais, 1998.
- *As cores de Elmer*, Trad. de Montserrat Paz [inglés], Vigo, Xerais, 1998.
- *O día de Elmer*, Trad. de Montserrat Paz [inglés], Vigo, Xerais, 1998.
- *Elmer e o tempo*, Trad. de Montserrat Paz [inglés], Vigo, Xerais, 1998.
- *Elmer, outra vez*, Trad. de Montserrat Paz [inglés], Vigo, Xerais, 1998.
- MUGGENTHALER, E., *O pastor Raúl*, Trad. de Susana Fernández e Franck Meyer [alemán], Pontevedra, Kalandraka, 1998.
- Mulan*, Trad. de Irene Penas Murias [español], A Coruña, Everest, 1998.
- MUÑOZ AVIA, R., *O porteiro de hockey*, Trad. de Antonio Pichel [español], A Coruña, Everest, 1998.
- MÚÑOZ PUELLES, V., *Óscar e o león de correos*, Trad. de Mª Dolores Martínez Torres [español], Madrid, Anaya, 1998.
- O coelliño branco*, Adapt. de Xosé Ballesteros [portugués], Pontevedra, Kalandraka, 1998.
- PAUSEWANG, G., *A serea na lata de sardiñas*, Trad. de Rafael Chacón Alvar [alemán], Madrid, Anaya, 1998.
- PERRAULT, C., *Carapuchina Vermella*, Adapt. de Xoán Couto. Pontevedra, Kalandraka, 1998.
- PIEPER, C., *Sen rumbo polo mundo, Catarina e o Oso*, Adapt. de Pepe Martínez, Pontevedra, Kalandraka, 1998.
- PINTO CARNEIRO, J., *O estraño caso da rapazola que entrou polo meu despacho*

- adiante*, Trad. de Carlos Lema [portugués], Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1998.
- PRESTIFILIPPO, P., *Palabras máxicas*, Trad. de Daniel Rozados, Vigo, Galaxia, 1998.
- RENAUD, J. F., *Unha inmensa vaca amarela*, Trad. de Pilar Saborido Otero [español], Barcelona, Edebé-Rodeira, 1998.
- SAINT MARS, D., *Adoptaron a Sara*, Trad. de Antonio Pichel [francés], Vigo, Galaxia, 1998.
- *Lilí é desordenada*, Trad. de Antonio Pichel [francés], Vigo, Galaxia, 1998.
- *Lilí quere unha paga*, Trad. de Antonio Pichel [francés], Vigo, Galaxia, 1998.
- *Max é moi torpe*, Trad. de Antonio Pichel [francés], Vigo, Galaxia, 1998.
- *Max quere facer amigos*, Trad. de Antonio Pichel [francés], Vigo, Galaxia, 1998.
- *Morreou o avó*, Trad. de Antonio Pichel [francés], Vigo, Galaxia, 1998.
- SOUTHEY, *Os tres osos*, Adapt. de Xosé Ballesteros, Pontevedra, Kalandraka, 1998.
- UHLMAN, F., *Reencontro*, Trad. de Miguel Pérez Romero [inglés], Vigo, Galaxia, 1998.
- WELLS, H. G., *A guerra dos mundos*, Trad. de Gonzalo Constenla Bergueiro e Esther Sánchez Rodríguez [inglés], Vigo, Xerais, 1998.
- ZUBIZARRETA, P., *O pastel dos venres*, Trad. de Daniel Rozados [eusquera], Vigo, Galaxia, 1998.

6. Traducción non literaria

- ALCOLEA, C., *Carlos Alcolea*, Trad. de Carmen Novoneira [español], Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998. [pintura]
- ANDERSON, R. M., *Fotografías de Galicia, 1924-1926*, Traducción de Begoña Combo [inglés], Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998 [fotografía].
- BENTON, M. e COOK, E., *Prehistoria, dinosauros, primeiros poboadores*, Trad. de María Dolores Martínez Torres [inglés], Vigo, Xerais, 1998. [prehistoria]
- CARBALLEIRA RIVERA, M. T. e MÍGUEZ MACHO, L., *A provincia a través da historia*, Trad. de M.C. Pérez Picallo e M.X. Castro López [español], Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998 [administración local].
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, B., *A igrexa de Santiago da Pobra do Deán e a influencia da nova devotio* [español], A Pobra do Caramiñal, Asociación Cultural A Miserela, 1998 [edificios religiosos].
- FIGUEROA CASANOVAS, C. E OUTRAS, *Familia e escola, colaborar na aprendizaxe dos fillos (Educación Primaria)*, Trad. de María Dolores Torres París [catalán], Vigo, Xerais, 1998 [pedagogía e política educativa].
- *Familia e escola, Educación infantil, colaborar na aprendizaxe dos fillos*, Trad.

- de María Dolores Torres París [catalán], Vigo, Xerais, 1998 [pedagogía e política educativa].
- Guías europeas de garantía de calidad en cribado mamográfico*, Trad. De Pedro Brañas Tato [inglés], Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998 [xinecoloxía].
- HEMMERT, H., *Hans Hermett*, Trad. de Carmen Nogueira [español], Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998 [artes plásticas].
- JUANES PALACIOS, M., *San Francisco Blanco, o mozo santo*, Trad. de Dolores Morales Pérez [español], Santiago de Compostela, El Eco Franciscano, 1998 [haxiografías].
- LUACES ANCA, J. e TOSCANO NOVELLA, C., *Illas Cíes*, Trad. de Manuela Pena [español], Vigo, Nigra Tea, 1998 [xeografía].
- NOGUEIRA LÓPEZ, A., *Participación ciudadá e lexislación ambiental comunitaria*, Trad. de M. C. Pérez Picallo e M. X. Castro López [español], Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998 [dereito].
- SCHLOESSER, A., *Adolfo Schloesser*, Trad. de Carmen Nogueira e outras [español], Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998 [belas artes].
- SUÁREZ SANDOMINGO, J. M., *Centros de menores, de onte a hoxe*, Trad. de X. C. Rodríguez Pérez, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998 [asistencia social].
- VILLAPOL, F., *Fernando Villapol*, Trad. de Fernando Villamarín [español], Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998 [artes plásticas].